

TRATAMENTO

ORDENACIÓN DO TERRITORIO, URBANISMO, VÍA PÚBLICA, PATRIMONIO MUNICIPAL DO CHAN E MEDIO AMBIENTE

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Tomiño

BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. c) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia. Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de Estradas de Galicia. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia. Decreto Lexislativo 1/2010, do 3 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da lei de urbanismo. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6. 1. e) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

FINS DO TRATAMENTO

Xestión administrativa dos asuntos concernentes a Ordenación do Territorio, Urbanismo, Vía Pública, Patrimonio Municipal do Chan e Medio Ambiente, no exercicio das funcións propias que ten atribuídas no ámbito das súas competencias municipais e, en particular, a ordenación, xestión, plan, execución, disciplina, sanción, outorgamento de autorizacións, licenzas ou cédulas, formulación e atención de consultas, expedición de certificados e outros trámites administrativos relacionados.

COLECTIVO

Solicitantes, representantes legais, licenciarios, autorizados, beneficiarios, suxeitos obrigados, sancionados.

CATEGORÍAS DE DATOS

Datos de infraccións: Natureza penal e administrativa.

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), firma, sinatura electrónica.

Características persoais: Idade, data de nacemento, nacionalidade, lugar de nacemento.

Circunstancias sociais: Características de aloxamento, vivenda, licenzas, permisos ou autorizacións.

Datos de información comercial: Actividades e negocios, licenzas comerciais, suscripcións a publicacións.

Datos económico-financeiros e de seguros: Avais, datos bancarios, seguros, fianzas.

CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Administracións públicas e Órganos Xudiciais.

TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.